



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Patrimonio Cultural	Código	662G01007	
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
Profesorado	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle/			
Descrición xeral	<p>Dada a amplitude de ámbitos que abarca o concepto de Patrimonio Cultural, o obxectivo fundamental da materia é aproximar ao alumno a todos eles tendo en conta a súa vinculación co fenómeno turístico.</p> <p>Ademais de proporcionar uns coñecementos básicos e xerais sobre a materia, preténdese mostrar o papel das persoas expertas en turismo en calquera programa de xestión do patrimonio e conciencialo da importancia da súa presenza no mesmo.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os principios do turismo: a súa dimensión espacial, social, cultural, política, laboral e económica.
A2	Analizar a dimensión económica do turismo.
A3	Comprender o carácter dinámico e evolutivo do turismo e da nova sociedade do lecer.
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A8	Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A14	Comprender o marco legal que regula as actividades turísticas.
A18	Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.
A19	Xestionar o territorio turístico de acordo cos principios de sustentabilidade.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
A29	Traballar en medios socioculturais diferentes.
A30	Coñecer as principais iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural.
A31	Comprender as características da xestión do patrimonio cultural.
A33	Creatividade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Definir o concepto de Patrimonio Cultural e a súa relación co turismo	A1 A3 A5 A8 A18 A29 A30 A33	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C4
Coñecer e analizar as principais manifestacións artísticas de cada periodo histórico	A1 A8 A18 A29 A30 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C4
Estudiar os principais tipos de bens culturais e as súas características	A1 A5 A18 A23 A29 A30 A33	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C4
Profundizar no concepto de Xestión do Patrimonio	A1 A2 A3 A8 A18 A19 A23 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C4



Analizar e profundizar en cada unha das fases da cadea lóxica da xestión do patrimonio	A1 A2 A3 A13 A14 A18 A19 A23 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C2 C4 C5 C7 C8
Definir o significado do turismo cultural e a súa relación co patrimonio	A1 A2 A3 A8 A18 A23 A27 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C3 C4 C6
Aprender a terminoloxía artística básica no ámbito da arquitectura, escultura e pintura e os os diferentes estilos artísticos a través dos casos de A Coruña e Santiago	A1 A8 A18 A30 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque 1- Patrimonio cultural e Turismo.	1.1. Marco conceptual. 1.2. Clasificación dos bens culturais. 1.3.O Turismo Cultural.
Bloque 2- Especial referencia ao Patrimonio Artístico e Monumental.	2.1. O comentario da obra de arte. 2.2. Técnicas e terminoloxía artísticas. 2.3. Nocións xerais sobre os principais estilos.
Bloque 3- O Patrimonio galego.	3.1. Historia de Galicia. 3.2. Principais exemplos do patrimonio arquitectónico galego. 3.3. A cidade de A Coruña. 3.4. A Catedral de Santiago e a súa contorna.



Bloque 4- Xestión do Patrimonio:	<p>4.1. Marco conceptual.</p> <p>4.2. A protección do Patrimonio.</p> <p>4.2.1. Lexislación (Especial atención á Lei galega).</p> <p>4.2.2. Catalogación.</p> <p>4.2.3. Conservación.</p> <p>4.3. A Investigación.</p> <p>4.4. A Difusión.</p> <p>4.4.1. Patrimonio e museos (O caso galego).</p> <p>4.4.2. A Interpretación do Patrimonio.</p>
----------------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A8 A14 A18 A23 A27 A30 A31 B4 C2 C4 C5 C6 C7 C8	20	30	50
Proba mixta	A1 A2 A3 A8 A13 A14 A18 A23 A30 A31 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C4	2	20	22
Presentación oral	A5 A8 A13 A18 A19 A29 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C8	9	21	30
Simulación	A3 A5 A8 A13 A23 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C8	5	30	35
Saídas de campo	A1 A2 A3 A5 A8 A18 A23 A30 A31 B1 B4 B5 B7 C4 C8	8	2	10
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. A asistencia á clase maxistral é obligatoria</p>
Proba mixta	<p>Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p> <p>A proba será idéntica que a do alumnado presencial.</p>



Presentación oral	<p>Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.</p> <p>A proba será idéntica que a do alumnado presencial.</p>
Simulación	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p> <p>El alumnado deberá elixir entre: Prácticas voluntarias Coruña Educa ou un traballo tutelado establecido pola profesora. Unha vez elixida a modalidade, no se permitirán cambios.</p>
Saídas de campo	<p>Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.</p> <p>O alumnado da Modalidade On line estará exento destas saídas.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	<p>A atención personalizada poderá ofrecerse durante os seminarios e titorías, ou dun xeito individual, se se precisa por parte dos alumnos</p> <p>O alumnado de Modalidade On Line: Recibirá titorías grupais e individualizadas como orientación a través de TEAMS, así como atención por correo electrónico.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A3 A8 A13 A14 A18 A23 A30 A31 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C4	Exame escrito ou oral no que se combina o comentario de texto co recoñecemento de imaxes e preguntas específicas sobre a materia. Para facer o cómputo coas demais porcentaxes, é preciso superar o exame nun 50%	40
Presentación oral	A5 A8 A13 A18 A19 A29 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C8	<p>Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.</p> <p>Consistirá nun traballo relacionado coa materia que será exposto en clase.</p>	30



Simulación	A3 A5 A8 A13 A23 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C8	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. Traballo individual sobre as saídas de campo realizadas na materia, que será dinamizado nas titorías. O alumnado de Grao en Turismo poderá elixir entre Prácticas voluntarias no Programa Coruña Educa ou outro, ou ben un exame oral sobre a cidade da Coruña. O alumnado de Simultaneidade de Grao fará un exame oral sobre a cidade de Coruña en inglés (en colaboración coa materia de Inglés)	30
------------	--	---	----

Observacións avaliación

A asistencia a clase é obrigatoria. De forma esporádica pódense facer cuestionarios ou exercicios que servirán como forma de control da asistencia.

As persoas que, por unha causa xustificada, non poidan asistir o día indicado para a súa presentación oral terán que acordar coa profesora outra data. As saídas de campo, conferencias ou outras actividades son unha obriga e poderán requirir a presentación dunha recensión, que servirá como demostración da asistencia. As persoas que participen nas prácticas voluntarias non poderán cambiar de modalidade unha vez decidida a participación. -Todas as partes teñen que ser superadas polo menos nun 50% para poder facer o cómputo final. O alumnado que suspenda calquera das partes figurará en actas coa cualificación obtida na parte suspensa, ata que se poida facer o cómputo final na seguinte oportunidade unha vez superadas todas as partes. As instrucións detalladas sobre os traballos serán explicadas pola profesora na clase e expostas na plataforma Moodle para a súa consulta. Os anteriores criterios de avaliación aplicaranse tanto na primeira como na segunda oportunidade. O alumnado que libere unha parte da materia mediante unha proba parcial, só terá validez para o curso actual. Se unha persoa que ten liberada unha parte non consegue aprobar a materia no seu conxunto, nin en primeira nin en segunda oportunidade, a súa cualificación final será suspenso, e terá que repetir toda a materia nos seguintes cursos académicos. Está prohibido acceder á aula na que se desenvolven as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ ou almacenamento de información. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia : Poderán seguir a modalidade de avaliación do alumnado a distancia. En todas as modalidades, a detección de plaxio ou calquera evidencia de falsidade serán penalizadas co suspenso na materia ata a seguinte oportunidade ou convocatoria.

O alumnado que non se presente a ningunha das partes propostas na avaliación aparecerá como NP na acta. De presentarse a calquera delas, aparecerá como suspenso ata que na seguinte convocatoria presente ou aprrobe a parte que falte para poder facer o cómputo final. Pódese dar o caso de que unha persoa suspenda algunha das partes, pero que a suma co resto dea aprobado. Nese caso a nota será un suspenso (o suspenso máis alto das que aparezan suspensas), pois para facer o cómputo é preciso, como se sinalou anteriormente, que todas as probas sexan superadas nun 50%.

.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise a adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa tutora ADI da Facultade de Turismo.

Fontes de información

